

— OBRADOIRO EN LIÑA —
*FINANCIAMENTO PRIVADO DE
PROXECTOS: ACHEGAMENTO AO
PATROCINIO PARA AS ARTES ESCÉNICAS.*

Docente: Beatriz R. Fontán (BenCuriosa)
Colaboran: Artur Trillo (Talía Teatro) e Javier
Ortiz (El Sol de York)



MARTES 11 E MÉRCORES 12
DE MAIO 2021,
DE 09.30 a 14.30 H.

DURACIÓN: 10 H.
VÍA ZOOM.

ORGANIZA



COLABORA



RESUMO DO CONTIDO

09.30 a 13.30 h.
(faranse pausas
pautadas pola
docente)

Curso monográfico sobre posibilidades de financiamento alternativo de proxectos (producións, xiras...) de artes escénicas, dende a iniciativa privada nos seus distintos formatos.

Contidos:

- Conectando públicos das artes escénicas e das marcas.
- Deseño e elaboración de dossiers, propostas e plans de patrocinio.
- Estratexia e técnicas para a defensa de propostas de patrocinio.
- Casos prácticos de éxito.

13.30 a 14.30 h.
(1 hora cada
día)

A última parte de cada mañá adicarémola a coñecer, nun debate informal e participativo entre as persoas asistentes, dous exemplos de compañías produtoras con algún tipo de experiencia na colaboración e financiamento de capital privado nas súas liñas de traballo e modelo de negocio.

- Artur Trillo (Talía Teatro-Galicia)
- Javier Ortiz (El Sol de York-Madrid)

CUESTIÓN PARA AS PERSOAS ASISTENTES

- 1.- Non é necesario aportar ningún tipo de material.
- 2.- Os materiais que expoña a docente estarán dispoñibles despois da formación.
- 3.- O horario da formación será de 09.30 a 14.30 h, con pausas e dinámicas que faciliten a participación e orientación práctica.
- 4.- A formación levarase a cabo vía Zoom, as persoas inscritas recibirán por correo-e os datos da sala o mesmo día ás 09.00 h.
- 5.- O obradoiro está enfocado a responsables e persoal de compañías produtoras e outros proxectos similares, independentemente dos seus coñecementos previos.
- 6.- O límite máximo é de 15 prazas, por orde de inscrición.
- 7.- A formación é de balde para socios/as de Escena Galega. Se quedan prazas libres poderán asistir persoas non asociadas, previo pago dunha matrícula de 40 €.
- 8.- Para inscribirse é necesario enviar un correo a info@escenagalega.gal co título da formación no asunto e os datos da persoa interesada (nome completo/teléfono/correo-e)



SOBRE A DOCENTE

Beatriz R. Fontán. Máster en Dirección Comercial e Marketing e Máster en Producción e Xestión Audiovisual. Educadora infantil. Especializada en marketing cultural.

Desenvolve a súa carreira nas áreas de comunicación, produción, xestión e mercadotecnia. Entre outras compañías ten traballado no Grupo Prisa, El Mundo e as produtoras galegas Filmax, Ficción Producións, Milú Films e Continental Producións, coordinando tamén o Festival Internacional de Curtametraxes de Santiago de Compostela “Curtocircuito”. Durante os últimos anos colaborou estreitamente coa banda galega “Berrogüetto” asumindo as tarefas de management e contratación de xiras a nivel nacional e internacional.

Actualmente desenvolve formación en xestión de públicos e marketing cultural, ademais de acompañar a profesionais independentes e PEMES en procesos de deseño de estratexia e comunicación efectiva. Tamén impulsa os proxectos www.serapornombres.com e www.poliedrica.es

Perfil LinkedIn: <https://bit.ly/3nA3RV4>



BenCuriosa son un equipo de profesionais ao servizo do coñecemento e da creatividade en común.

Desde BenCuriosa queren contribuír á renovación do ecosistema cultural, impulsando procesos de **xeración e intercambio de coñecemento** e deseñando solucións novidasas para estimular o **desenvolvemento creativo de organizacións, comunidades e territorios**.

Con **clientes e aliados** como:

Deputación da Coruña, Concello da Coruña, Concello de Santiago de Compostela, Concello de Carral, Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, Axencia de Turismo de Galicia, Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Universidade de Santiago de Compostela, Asociación Culturgal, Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, Academia Galega do Audiovisual, Dirección General de Cultura del Gobierno Foral de Navarra, entre outras moitas institucións e empresas.

Algúns dos seus proxectos son o **CEU en Xestión Cultural da USC**, o **Banco de Boas Prácticas** e o **Plan Formativo 2020 da AGPXC**.

Máis información sobre proxectos en bencuriosa.gal/facemos
